

No profundo da noite

Isto ocorreu unha tormentosa noite de inverno. Á última hora da noite estaba a piques de ir á seguinte cidade e atopar un lugar onde durmír. Vin que unha muller estaba á beira da estrada. Facíame sinais para que parase. Parei, achegouse e preguntoume se podía levala ata a súa aldea. Aceptei levala. Inviteina a tomar un café e, mentres falabamos, parte do café derramouse no seu vestido branco. Ao rematar, continuamos o noso camiño. Mandoume parar nunha zona escura. Pregunteille se quería que a acompañase, pero negouse; deuse a volta e marchou no profundo da noite.

Ao día seguinte, volvín ao sitio onde a deixei. Aparquei o coche e collín o camiño por onde ela marchou, coa sorpresa de que ese camiño se dirixía ata un pequeno cemitério. Ao pasar por unha das lápidas, aterroriceime ao ver que a foto da persoa que había alí era a mesma que estivera comigo a noite anterior.

Logrei contactar cos familiares e, despois de moito insistir na miña historia, realizaron o levantamento do cadáver, no cal se puido comprobar que no seu vestido branco seguía a mancha de café.

Manuel Carril Espiñeira 3º ESO B